



DECRETO DA PRESIDENCIA

ASUNTO: Nomeamento funcionaria interina de técnico de administración xeral grupo: A, subgrupo: A1, escala: administración xeral.

EXPEDIENTE: 2022/G003/000323

EXPEDIENTE DE ORIXE: 2022/X999/000269

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o informe-proposta da Xerencia de data 22.09.2022, fiscalizado de conformidade pola Secretaría Intervención, do seguinte teor literal:

<<Mediante Decreto da Presidencia núm. 305/2022, de data 20 de setembro de 2022, aprobouse a creación dunha lista de aspirantes a funcionario/a interino/a de técnico de administración xeral grupo: A, subgrupo: A1, escala: administración xeral, mediante o sistema de concurso oposición libre; con todos os aspirantes que superaron o exercicio da fase de oposición, e ordenados por orde de maior a menor puntuación obtida no proceso selectivo.

Logo de ver que existe na Relación de postos de traballo vixente, un de técnico de administración xeral, que se atopa vacante; dada a urxencia da súa cobertura pola necesidade de incorporación efectiva de persoal para garantir a prestación axeitada do servizo e en prol de poder dar cumprimento ao reflectido no Plan de Acción aprobado en sesión plenaria do 31.10.2021, procede a cobertura interina da praza.

Ao abeiro do anterior, e segundo o disposto na base OITAVA das que regulan a lista de aspirantes, formulouse chamamento con data 20.09.2022 á primeira aspirante, dona María Luisa Sánchez Peñamaría, manifestando esta a súa aceptación.

Logo do exposto, de conformidade co disposto na base OITAVA das que regulan o procedemento e no artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; e ao abeiro das competencias atribuídas polo artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 14 dos estatutos reguladores do Consorcio, propónse á Presidencia a adopción da seguinte

RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO.- Nomear a dona María Luisa Sánchez Peñamaría como técnico de administración xeral con carácter interino para ocupar a praza vacante no cadro de persoal, ata a cobertura da mesma e, en todo caso, por un prazo máximo de tres anos, nos termos previsto no apartado 4 do artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

SEGUNDO.- Requirir a dona María Luisa Sánchez Peñamaría para que proceda á toma de posesión, no prazo máximo de tres días hábiles, debendo achegar con carácter previo, a seguinte documentación:

- Certificado médico ou informe de saúde, asinado por un colexiado en exercicio, no que conste expresamente que ten a capacidade funcional para o desempeño das tarefas de técnico de administración xeral.
- Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal das Administracións Públicas e non ter sido separado nin inhabilitado do servizo.

TERCEIRO.- Autorizar e dispoñer o crédito necesario para o seu nomeamento, incluíndo salario e seguridade social, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes.

CUARTO.- Facer público este acordo no Taboleiro de anuncios do Consorcio, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Consorcio.

QUINTO.- Notificar esta resolución á interesada.

SEXTO.- Dar traslado da mesma aos servizos de Secretaría Intervención, e nóminas.

SÉTIMO.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado

Este documento está asinado electronicamente. Pódese comprobar a súa integridade na sede electrónica do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña <https://sede.cciacoruna.com/gl/> mediante o código de verificación(CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, de Procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector público



que corresponda no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente. >>

Ao abeiro do exposto, mediante o presente

RESOLVO :

PRIMEIRO é único.- Aprobar a proposta nos seus mesmos termos.

Carballo, na data da sinatura dixital.

O presidente,
Asdo.: Valentín González Formoso

A secretaria interventora,
Asdo.: M^a Graciela Riveiro Moreira.